

DECRETO DA ALCALDÍA

Dentro das actividades culturais que o Concello de Covelo ten previsto desenvolver durante o presente ano, atópase a realización dunha Feira de Artesanía, Comercio e Servizos. Este evento persigue o desenvolvemento da actividade económica do concello, tanto dende o punto de visto comercial como cultural e turístico.

Esta feira desenvolverase o sábado, día 8 de decembro do 2012, de 10:00 ata as 22:00 horas, no pavillón municipal de Covelo.

En consecuencia, en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO: APROBAR AS BASES QUE REXERAN A CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA, COMERCIO E SERVIZOS:**

BASES **NORMAS DE PARTICIPACIÓN**

1) ORGANIZACIÓN DA FEIRA

A organización, dirección e administración da feira celebrada polo Concello de Covelo, corresponderá a concelleira de cultura. A súa competencia alcanza a tódalas cuestións, relacionadas con a interpretación e cumprimento das presentes normas, ademais de todas aquelas que teñan por finalidade o bo fin da feira.

2) CONDICIÓN DE INSCRICIÓN

Os/as artesáns, comerciantes e ofertantes de servizos interesados en participar nesta feira, deberán presentar unha solicitude debidamente cumprimentada que poden recoller no propio Concello de Covelo ou a través da páxina web www.concellodecovelo.es e entregalo ben persoalmente ou mandalo por correo ordinario

3) OS STANDS

A decoración interior dos stands corresponderá a os expositores/as.

Os prezos das pezas a venda deberán estar visibles a o público, como esixen as normas de comercio.

A tarifa do stand será de 10€ por mesa, quedando exentos deste pago todas as asociacións culturais e deportivas ou humanitarias que se queiran dar a coñecer ou co fin de recadar fondos para ditas asociacións.

Haberá un stand 0, gratuito, onde os artesáns, comerciantes e ofertantes de servizos, poidan deixar publicidade, tarxetas, etc., para darse a coñecer.

Tamén haberá un stand gratuito representando a todo o sector turístico de Covelo.

4) NORMAS DE CONDUCTA DURANTE O CERTAME

O expositor comprométese a:

Recibir ós visitantes durante todo o horario de apertura da feira.

Manter pulcro o stand e en óptimas condicións en tódolos aspectos.

A non efectuar limpeza ou colocación de materiais durante as horas de apertura

A respectar os horarios fixados, e os prazos asignados para realizar a montaxe e desmontaxe. Que será unha hora antes da apertura e unha hora despois do peche.

5) CONDICIÓN DA TOMA DE POSESIÓN DO STAND

O chegar a feira o/a expositor/a terá que presentarse a persoa responsable da feira, ante quen se acreditará e acreditará a os acompañantes e responsables do stand a o longo da feira.

Deberá presentar (anexo 1):

1. Aceptación das normas de participación.
2. Declaración asinada por parte do/a titular das persoas responsables do seu stand na feira.

A entrega do anterior documento firmado, entregarase as tarxetas identificativas.

6) DISPOSICIÓN FINAIS

A organización notificará oportunamente cantas normas complementarias se determinen. As posibles reclamacións deben dirixirse por escrito a o Concello de Covelo (concelleira de cultura Soledad González) que decidirá en función dos intereses xerais da feira.

Todos os interesados que presenten a súa solicitude de participación, AUTORIZAN desde entón ó Concello de Covelo, para que todos os datos d persoais que faga constar na mesma poidan ser incorporados a un ficheiro propiedade da mesma e ser usados, polo tanto, para as comunicacións que a organización da Feira poda dirixir con motivo da mesma e sucesivas edicións, e por motivos complementarios.

O mando e asino, en Covelo, a 16 de outubro de 2012

O ALCALDE

Ante min, A SECRETARIA

(Anexo 1)
DOCUMENTO DA ACEPTACIÓN
NA FEIRA DE ARTESANÍA , COMERCIO E SERVIZOS
ORGANIZADA POLO
CONCELLO DE COVELO

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO EXPOSITOR/A:

Nome e apelidos ou Razón social.....

Domicilio.....

Código Postal..... Localidade.....Provincia.....

Teléfono de contacto durante a feira.....

2. TIPO DE PRODUTOS

.....

O/a interesado/a declara baixo a súa responsabilidade que os datos consignados no presente documento son certos.

A firma e presentación deste documento constitúe un compromiso por parte do participante de aceptar as normas xerais de participación na feira de artesanía , comercio e servizos do Concello de Covelo.

En, a dedo 2012.

Sinatura.....